



**SESION EXTRAORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 17 DE DECEMBRO DE 2.018**

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás vinte horas e dez minutos do día dezasete de decembro de dous mil dezaioito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D. Jose Antonio Carracedo Ramírez, D. Juan Santiago González Rodríguez, non asistiu e xustificou a ausencia D. Antonio Blanco Martínez, do grupo municipal do BNG, coa asistencia de D. José Vidueira García do PSdeG, e coa *ausencia* dos Sres. Concelleiros do Grupo Popular, D. Francisco José Montesinos Rodríguez, D. Jose Luis Rodríguez Alonso, D. Santos Piornedo Piornedo e D. Jesús Río Piornedo; actuando como Secretario da Corporación, D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ao obxecto de celebrar a Sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR,
CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 13/11/2018**

Por unanimidade dos asistentes, aprobouse a acta da sesión anterior correspondente á celebrada o 13/11/2018

2º.- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO D. JOSÉ VIDUEIRA GARCÍA.

Antecedentes

PRIMEIRO. Con data 7 novembro 2018, tívose constancia do *escrito de renuncia de Dona Maria Teresa Pereira Quintas* como Concelleira deste Concello.

SEGUNDO. Con data 13 de novembro 2018 por Acordo do Pleno, tomouse coñecemento do *escrito de renuncia e aceptouse a dimisión de Maria Teresa Pereira Quintas*.

TERCEIRO. Con data 14 de novembro 2018 solicitouse á Xunta Electoral a expedición da correspondente credencial do candidato seguinte na lista do PSDG que vistas as renuncias anticipadas de D José Manuel Mielgo Fornos e D Abel Manso Ferreira corresponde a D. José Vidueira García.

CUARTO. Con data 26 de novembro recibíuse da Xunta Electoral a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato ao que corresponde cubrir a vacante producida, D José Vidueira García.

QUINTO. Con data 4 decembro 2018, notificouse fehacientemente ao interesado a recepción da credencial expedida pola Xunta Electoral, para que procedese a tomar posesión do cargo de Concelleiro neste Concello.

Asimesmo con anterioridade a esta sesión o Concelleiro presentou a credencial e cumpríu coas obrigas establecidas na Lei 5/1985 de 19 de xuño LOREG coa declaración de incompatibilidades e a declaración de bens patrimoniais.

Á vista de todo o exposto o Pleno da Corporación acepta a toma de posesión de D. Jose Vidueira García do cargo de concelleiro en substitución de D^a M^a Teresa Pereira Quintas tras a súa renuncia voluntaria.

A continuación cumprindo o legalmente establecido por parte do Sr. Alcalde ao abeiro do disposto no artigo 1 do RD 707/1979 do 5 de abril regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos e funcións públicas formulouse ao novo Concelleiro o xuramento ou promesa, que foi respostado afirmativamente utilizando o "sí prometo".

Por último ó Sr. Alcalde deulle a benvinda ao novo Concelleiro e desexou que coa súa presenza na Corporación o Concello de A Mezquita siga avanzando na mellora das condicións de vida dos veciños e veciñas.



3º.- DESAFECTACIÓN DO INMOBLE "ANTIGA CASA DO CONCELLO"

Propón o Sr. Alcalde deixar sobre a mesa este asunto para o seu tratamento nunha próxima sesión plenaria. Hai asentimento unánime a esta proposta.

4º.- NOMEAMENTO SECRETARÍA XULGADO DE PAZ.

Vista a renuncia presentada pola actual Secretaria do Xulgado de Paz de A Mezquita D^a M^a Ángeles Crespo García con DNI 76704652C, que por motivos persoais non pode continuar desempeñando este cargo.

O Alcalde-Presidente segundo o disposto no artigo 50 da Lei 38/1988 do 28 de decembro de Demarcación e Planta Xudicial, que establece que nos Xulgados de Paz de menos de 7.000 habitantes o Concello nomeará nunha persoa idónea para o desempeño da Secretaría do Xulgado, propón a elección da funcionaria municipal D^a Francisca Estévez Diéguez con DNI 76711314N e a comunicación deste acordo a Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza da Xunta de Galicia para a súa aprobación.

O Pleno da Corporación, vista a proposta da Alcaldía, vista a aceptación da interesada ACORDA por unanimidade, proceder ao nomeamento de D^a Francisca Estévez Diéguez como Secretaria do Xulgado de Paz de A Mezquita e dar traslado deste acordo á Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza para a súa aprobación.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularón, o Sr. Alcalde aproveitou este punto para informar ao Pleno da Corporación das previsións de execución de obras municipais e da tramitación do PXOM.

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as vinte horas e trinta e nove minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,